

DUO FERNÁNDEZ-MATEOS

Eloy Fernández Mateos inicia os seus estudos de piano aos 7 anos na Escola de Música Berenguela (Santiago de Compostela) cos profesores Marcos Cerviño e María José Cerviño. Con 11 anos accede coa máxima cualificación ao Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, onde completa os seus estudos de grao profesional baixo a tutela de Jorge Valdés; simultaneamente complementa a súa formación co profesor ruso Alexander Gold. Durante estes anos tamén obtén o seis graos de piano da Associated Royal Board of the Royal Schools of Music.

En 2013 obtén o Grao Profesional de Piano, e ese mesmo ano comeza os seus estudos superiores no Conservatorio Superior de Música de Castela e León (Salamanca), onde actualmente estuda na cátedra de José Felipe Díaz-Álvarez Estrada. Completa a súa formación pianística a través de cursos e masterclasses con profesores como Xoan Elías Castiñeira, Iván Cítera ou Alexander Kandelaki; ademais recibe formación de música de cámara cos profesores Alberto Rosado e Brenno Ambrossini. En 2017 convértese en membro do Lomebim Quartet, co que continúa a súa formación camerística con profesores como Alejandro Bustamante, Alberto Rosado, Brenno Ambrossini, Patricio Gutiérrez Pérez, José Enrique Bouché, Héctor Sánchez, Thomas Piel ou Roglit Ishay.

Como solista, tocou en diversos eventos públicos (concertos benéficos, xornadas “Acude e escoita”) e privados (Xornadas Club Emprende M.A.I.S). Cabe destacar a súa participación en dúas edicións (2010 e 2013) do Ciclo de Novos Intérpretes organizado pola Asociación Galega da Lírica. Desde 2013 é pianista e coordinador musical do espectáculo de música e maxia “El Puente Invisible”, dirixido polo galardoado ilusionista Kiko Pastur.

Marta Fernández Mateos empezou os seus estudos musicais en 2001, na Escola de Música Berenguela (Santiago de Compostela) con Rosana Digón, Eriko Ishimoto e Guadi Galego. Accede ao primeiro curso do grao profesional no Conservatorio Profesional de Música de Santiago coa cualificación máis alta da súa convocatoria e recibe clases da profesora Yolanda Delgado durante 6 anos.

Durante este tempo obtén cinco graos de piano de The Associated Board of the Royal Schols of Music con cualificacións de sobresaliente. En 2014 gana o segundo premio no VI Concurso de Piano organizado pola Sociedade Artística Ferrolá.

En 2015 obtén o seu título de Grao Profesional con Mención de Honra e gaña o segundo premio no IV Concurso de Solistas organizado polo Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, o que lle permite tocar como solista no Ciclo de Concertos de “Novos Talentos” coa Banda Municipal de Santiago de Compostela.

Este mesmo ano finaliza os seus estudos de Grao Profesional obtendo Mención de Honra, e comeza os seus estudos superiores no Conservatorio Superior de Castela e León de Salamanca, baixo a tutela de José Felipe Díaz-Álvarez Estrada. Completa a súa formación a través da participación en diferentes cursos e masterclasses con profesores como Iván Cítera, Rita Wagner, Alexander Kandelaki ou Deniz Arman Gelenbe. Tamén recibe formación de música de cámara con profesores como Alejandro Bustamante, José Felipe Díaz-Álvarez Estrada, Roglit Ishay ou Jonathan Brown.

PRIMEIRA PARTE

J.S. Bach – Preludio e fuga No.11 en FaM (El clave bien temperado II)

L.V. Beethoven – Sonata op. 78 en Fa#M

I. Adagio cantabile

II. Allegro vivace

J. Brahms – Pezas para piano op.118

I. Intermezzo

II. Intermezzo

III. Balada

Eloy Fernández Mateos

SEGUNDA PARTE

M. de Falla - Catro pezas españolas

I. Aragonesa

III. Montañesa

F. Liszt – Balada No.2, S.171

Marta Fernández Mateos

C. Debussy – Petite Suite para piano a catro mans

I. En Bateau

II. Cortège

III. Menuet

IV. Ballet

Eloy e Marta Fernández Mateos